

**SESIÓN ORDINARIA DO PLENO DA CORPORACIÓN DO DÍA 28 DE ABRIL  
DE 2011**

No salón de sesións da casa do Concello de Cambre, ás vinte horas e trinta minutos do día vinte e oito de abril de dous mil once, baixo a presidencia do señor alcalde don Antonio Varela Saavedra, reúnese en sesión ordinaria, en primeira convocatoria, a corporación municipal en Pleno.

Asisten os señores concelleiros don Jaime Manuel López Lisnier, dona Erundina Prado Arcay, dona M<sup>a</sup> Ángeles Míguez Mouzo e don José Francisco Parcero Rial, do PSdeG-PSOE; dona María Jesús González Roel, don Santiago Manuel Ríos Rama, dona Goretti Pérez Eléxpuru e don Felipe Andreu Barallobre, do PP; don Luis Miguel Taibo Casás e don Juan Antonio Fernández López, de EU-IU; don Manuel Marante Gómez, do PG (GM); e dona M<sup>a</sup> Beatriz Ramos Padín, don Henrique Xabier Iglesias Oviedo, dona Gumersinda Becerra Montes, don Antón Otero Domínguez, dona Laura Fernández Martínez, don José Antonio Baamonde López, dona María Jesús Vieites Mariñas e dona Carmen Tato Lago, concelleiros non adscritos.

Non asiste, con escusa, don Nicolás José Cubeiro Martínez, do PP.

Asiste dona Isabel M<sup>a</sup> Fuentes Torices, interventora accidental, e dona M<sup>a</sup> Luisa de la Red Ampudia, como secretaria da corporación.

Aberto o acto pola presidencia, examináronse os asuntos incluídos na orde do día da convocatoria.

**1º Aprobación, se procede, das bases da convocatoria pública de bolsas para deportistas de Cambre durante 2011**

Vista a proposta do concelleiro delegado da área de Economía, Facenda, Educación e Deportes de data 19 de abril de 2011.

Visto o ditame favorable emitido pola Comisión Informativa de Economía, Facenda, Deportes, Promoción Económica e Emprego de data 26 de abril de 2011.

Sometido o asunto a votación ordinaria, votan a prol os cinco concelleiros do PSdeG-PSOE, o concelleiro do GM (PG) e os concelleiros non adscritos don Henrique Xabier Iglesias Oviedo, dona Gumersinda Becerra Montes, don Antón Otero Domínguez, dona Laura Fernández Martínez, dona M<sup>a</sup> Jesús Vieites Mariñas e dona Carmen Tato Lago, e abstéñense os catro concelleiros presentes do PP, os dous concelleiros de EU-IU e a concelleira non adscrita dona M<sup>a</sup> Beatriz Ramos Padín.

A corporación, por doce votos a prol, acordou:

Primeiro: Aprobar as bases da convocatoria pública de bolsas para deportistas de nivel do Concello de Cambre durante 2011, que se achegan como anexo I.

Segundo: Aprobar os modelos normalizados de solicitude e xustificación da convocatoria pública de bolsas para deportistas de nivel do Concello de Cambre durante 2011, que se achegan como anexo II e anexo III respectivamente.

Terceiro: Publicar as bases no Boletín Oficial da Provincia, no taboleiro de anuncios do concello, así como darlles publicidade mediante anuncio nun dos xornais de maior tirada da provincia.

## **2º Aprobación, se procede, das bases da convocatoria pública de subvencións municipais a entidades sen fin de lucro 2011**

Vista a proposta conxunta do concelleiro delegado da área de Economía, Facenda, Educación e Deportes, e da concelleira delegada de Cultura e Contratación de data 18 de abril de 2011.

Visto o ditame favorable emitido pola Comisión Informativa de Economía, Facenda, Deportes, Promoción Económica e Emprego de data 26 de abril de 2011.

Concedida a palabra a don Jaime Manuel López Lisnier, voceiro do PSdeG-PSOE, manifesta que na comisión informativa o concelleiro do GM (PG) propuxo incluír “o churrasco de San Bieito” na alínea K.3 “Gastos subvencionables”, proposta que foi aceptada pola comisión informativa. A este respecto, consta un informe da interventora accidental de data 28 de abril de 2011, no que se propón a seguinte redacción: “*c) En xeral, non se admitirán como gastos as facturas relativas a alimentos e bebidas, agás os produtos típicos das celebracións tradicionais de Nadal, Entroido, Magosto, Primavera, San Xoán e Romarías tradicionais históricas.*”, polo que propón que a alínea K.3.1.c) quede redactada segundo o informe da interventora accidental.

Sometido o asunto a votación ordinaria, coa modificación da alínea K.3.1.c) segundo o informe da interventora accidental, votan a prol os cinco concelleiros do PSdeG-PSOE, o concelleiro do GM (PG) e os concelleiros non adscritos don Henrique Xabier Iglesias Oviedo, dona Gumersinda Becerra Montes, don Antón Otero Domínguez, dona Laura Fernández Martínez, dona M<sup>a</sup> Jesús Vieites Mariñas e dona Carmen Tato Lago, e abstéñense os catro concelleiros presentes do PP, os dous concelleiros de EU-IU e a concelleira non adscrita dona M<sup>a</sup> Beatriz Ramos Padín.

A corporación, por doce votos a prol, acordou:

Primeiro: Aprobar as bases da convocatoria pública de subvencións municipais a entidades sen fin de lucro 2011, que se achegan como anexo I.

Segundo: Aprobar os modelos normalizados de solicitude, xustificación e cartel demostrativo da difusión da contribución do concello ás actividades, e que se achegan como anexos II, III e IV respectivamente.

Terceiro: Publicar as bases no Boletín Oficial da Provincia, no taboleiro de anuncios do concello e comunicar, mediante cartas personalizadas, a todas as asociacións inscritas no Rexistro Municipal a publicación destas bases.

### **3º Proposta de aprobación inicial do Regulamento de uso de instalacións deportivas do Concello de Cambre**

A proposta do concelleiro delegado da área de Economía, Facenda, Educación e Deportes, retírase este punto da orde do día, dado que non foi revisado por Intervención, polo que se pasará ao dito departamento.

### **4º Proposta de aprobación inicial do Regulamento orgánico de participación cidadá do Concello de Cambre**

A proposta do concelleiro delegado da área de Voluntariado social e participación cidadá, Promoción e apoio ao tecido asociativo e Promoción e proxectos de cooperación ao desenvolvemento, retírase este punto da orde do día.

### **5º Mocións**

Fóra da orde do día, sométese a votación ordinaria a proposta de declaración de urxencia da moción presentada polo grupo municipal do PP. Votan a prol da urxencia os cinco concelleiros do PSdeG-PSOE, os catro concelleiros presentes do PP, os dous concelleiros de EU-IU e os sete concelleiros non adscritos presentes na sesión, e abstense o concelleiro do GM (PG).

Así pois, a corporación, por dezaoito votos a prol, aprobou a declaración de urxencia da moción presentada polo grupo municipal do PP.

Cando son as vinte horas e trinta e cinco minutos incorpórase á sesión don José Antonio Baamonde López, concelleiro non adscrito.

### **Moción do grupo municipal do PP respecto das obras de urbanización das rúas Pígara e Padre Feijoo do Graxal**

Rexistrada de entrada ao núm. 6826 o día 20 de abril de 2011. Consta do seguinte teor literal:

“Durante a presente lexislatura non foron poucas as decisións que adoptou o goberno municipal de costas á vontade dos veciños de Cambre. Dende o Plan de Vivenda, ata a reordenación do tráfico na rúa Otero Pedraio, pasando pola vía Ártabra ou as obras de

reordenación da rúa Tapia, todas elas recolleron o rexeitamento maioritario dos cidadáns do noso concello. A última desas actuacións está sendo o proxecto de urbanización das rúas Pígara e Padre Feijoo no Graxal, financiado polos fondos FEDER da Unión Europea.

Unha vez máis, o goberno de Cambre adoptou unha decisión sen consultar previamente aos cidadáns nin aos comerciantes afectados. Estes, informados das intencións do goberno de Cambre puxéronse en contacto co noso grupo municipal, e ata onde sabemos tamén con outras forzas políticas do concello, para reclamarnos o que debería ser unha obviedade: ningún goberno debería programar unhas obras como as que se pretenden realizar nunha das principais arterias do Graxal sen antes consultar aos veciños e comerciantes afectados.

Unha das decisións máis acertadas do goberno de Cambre nesta lexislatura foi a redacción dun borrador de Regulamento de participación cidadá e a convocatoria de varias reunións cos colectivos veciñais e comerciais de Cambre para impulsar o seu desenvolvemento. Por estas decisións o noso grupo xa felicitou publicamente ao concelleiro responsable de Participación Cidadá. Pero se ben a decisión de crear este regulamento é un avance, a actitude do goberno é outra ben distinta á do diálogo e o consenso. Dende que se asinou o pacto de goberno hai case dous anos foron moi poucas as decisións que se consultaron coa oposición. E o que é máis grave, non se informou aos nosos veciños das decisións que lles podían afectar, como é o caso destas obras.

O proxecto de urbanización das rúas Pígara e Padre Feijoo nace a consecuencia da necesidade de renovar a rede de pluviais que discorre dende a N-VI ata a ría do Burgo. Somos conscientes de que Cambre debe acometer estas obras con premura. Non obstante, non podemos estar máis en desacordo coa fórmula que se proxectou. O 21 de maio de 2008 o grupo municipal do PP de Cambre solicitou a celebración dun pleno extraordinario para debater diversos problemas que sufrían e que seguen sufrindo a diario todos os veciños do Temple. Naquel pleno, todos os grupos políticos amosamos a nosa preocupación pola falta de prazas de aparcamento no Graxal e recolléronse, entre outras propostas, a do alcalde de Cambre de construír un aparcadoiro subterráneo na parcela de equipamento da rúa Francisco Añón e a do entón voceiro do BNG e hoxe primeiro tenente de alcalde, de aproveitar ao máximo as actuais zonas de aparcamento para textualmente “ir facendo 15 prazas aquí ou alá”. Pois ben, o resultado de ambas propostas, realizadas polo alcalde e o seu primeiro tenente de alcalde, quedaron nun aparcadoiro provisional de zorra e na súa superficie, infrautilizado, e nun proxecto de reurbanización das rúas Pígara e Padre Feijoo no que se prevé a supresión de polo menos 21 prazas de aparcamento. É dicir, todo o contrario do que dicían hai uns anos.

A esta moción achéganse os centos de sinaturas que nunha semana recolleron os veciños e comerciantes do Graxal. Esta corporación e o goberno de Cambre, aínda que só lle queden algunhas semanas de mandato, non poden obviar o que é unha reclamación xeralizada dos veciños da zona.

Por este motivo, presentamos ao pleno para a súa aprobaición, se procede, os seguintes ACORDOS:

Primeiro: Instar ao goberno de Cambre a que modifique o proxecto de urbanización das rúas Pígara e Padre Feijoo co fin de que non só se manteñan as 126 prazas de aparcamento que existen na actualidade, senón que busquen alternativas para incrementar o seu número.

Segundo: Instar ao goberno de Cambre para que solicite aos propietarios da parcela situada entre as rúas Álvaro Cunqueiro e a N-VI autorización para habilitar unha zona de aparcamento provisional mentres duren as obras de urbanización das rúas Pígara e Padre Feijoo.

Terceiro: Incluír no borrador de Regulamento de participación cidadá a obriga do goberno de Cambre de iniciar un trámite de información pública para as principais obras que se executen no noso concello.”

Concedida a palabra a don Henrique Xabier Iglesias Oviedo manifesta que, previamente ao debate que se poida facer por parte da corporación, gustaríalle aclarar algunhas cuestións sobre esta moción do PP, que cre que son importantes para que todo o mundo se sitúe sobre o que realmente están debatendo.

Di que comeza a exposición de motivos, no primeiro parágrafo, dicindo, entre outras cousas, que a última destas actuacións que non foron consultadas e que son lanzadas adiante sen ter o máis mínimo apoio e consenso é o proxecto de urbanización das rúas Pígara e Padre Feijoo no Graxal. El debe dicir que é posible que haxa a quen non lle guste este proxecto, é posible tamén, e seguro, que non se fixo todo o posible, porque entre outras cousas, aínda non acabou este proceso, como lles explicou pola mañá a todos os grupos políticos e concelleiros e concelleiras que estiveron presentes na reunión que mantiveron, iso é posible, pero precisamente este proxecto debe ser dos poucos que foron consensuados e informados dalgunha maneira nos últimos dous anos...

Neste momento, e á vista das palabras dunha das persoas que se encontran entre o público asistente á sesión, o Sr. alcalde solicita silencio, e advértelle a esta persoa que se non se cala deberá abandonar o salón de sesións. Dado que persiste na súa actitude, o Sr. alcalde ordena ao axente da Policía local presente na sala, que acompañe ao cidadán fóra dela.

Retoma a súa intervención don Henrique Xabier Iglesias Oviedo quen sinala que se houbo algún proxecto que tivo algún punto de comunicación, foi precisamente este. A redacción deste proxecto encargouse a un consulting, mediante un procedemento de contratación, en setembro do ano 2009. O día 1 de novembro de 2009, poucos días despois de que fora adxudicada a súa redacción, mantívose neste mesmo salón de plenos unha convocatoria á cal se chamou a todas as entidades organizadas e legalizadas na

parroquia do Temple, e a algunha máis que ten ámbito en todo o concello, como é a Asociación de empresarios e empresarias de Cambre. Invitouse a todas, á asociación de veciños, ás asociacións de pais e nais dos dous colexios que están na parroquia do Temple, ás asociacións culturais, a todas as que constan neste concello como entidades en funcionamento. Viñeron todas as que quixeron vir, e precisamente a reunión foi para explicar e para recoller opinións sobre as actuacións que dentro do programa Arume, e concretamente dentro do proxecto de humanización do Graxal, dotado con 800.000 euros, se poderían acometer nese barrio.

Explicóuselles de maneira sucinta, porque nese momento aínda non estaba o proxecto redactado, cal era o sentido e cal era a idea que se pretendía con esa obra, e de feito pensa que foi unha reunión frutífera, porque dela saíron algunhas das ideas que hoxe forman parte dos outros proxectos do programa Arume que están pendentes aínda de tramitación, unha vez que se aprobou o orzamento estes pasados días, pero que saíron precisamente de aí. Di que ten por algún sitio unha proposta da Asociación de empresarios e empresarias de Cambre na que se recolle algunha das propostas das que alí se faloron e nas que eran todos absolutamente coincidentes.

Ese foi un primeiro paso no que se puxeron en contacto coas entidades representativas que hai. Pero di que é máis, que a empresa consultora, neste caso APP Plus, entregóulles o proxecto a principios do ano 2010, uns meses despois, xaneiro ou febreiro, e aproveitando non sabe se foi unha xunta de voceiros ou unha comisión informativa que tiveron, presentaron o proxecto a todos os grupos da corporación. Aí se explicou, co proxecto diante, en que consistía. Todos os grupos da corporación tiñan hai un ano, aproximadamente, ou algo máis, información puntual do proxecto. Nese momento, e a partir desa información, continuouse coa súa tramitación, que como todos saben foi unha tramitación molesta, laboriosa, e que por certo non rematou aínda. Froito dos problemas que houbo na tramitación o Sr. alcalde máis el mesmo, xunto co enxeñeiro municipal, xefe de Servizos, tiveron que manter algunha reunión nalgún organismo, polos peloteos das autorizacións sectoriais que non daban chegado e non se daban posto de acordo.

Iniciado ese procedemento, o que tamén estaba previsto, porque o programa Arume así o recolle, era un proceso de participación e información, porque é lóxico, ademais, e iso estaba previsto facelo a partir de principios deste ano, pero xurdiu un problema, ou máis dun. O primeiro problema foi que a corporación, de maneira soberana, rexeitou a proposta do goberno municipal para modificar a redistribución de fondos e os prazos do programa Arume, iso está recollido na acta do pleno ordinario do mes de decembro, e supón que ninguén o negará. Houbo que traelo unha vez máis, consensuado con algún dos grupos que pasaron nese caso por aceptalo, ou polo menos por absterse e non votar en contra, e foi no mes seguinte cando se conseguiu aprobar.

A partir de cando se aproba en pleno é cando teñen que solicitar ao ministerio, que é quen dota a través de fondos FEDER o 70% do financiamento das actuacións, a autorización para os proxectos, para os novos prazos e para a distribución de fondos. E

como último paso, incluír no orzamento municipal, que todos saben como foi aprobado, con alegacións do PP, e houbo que atrasar a aprobación durante máis dun mes, cando podía estar xa funcionando hai dous meses.

Ata que todo iso non estivo atado non podían facer a última fase que estaba prevista, que era a fase de información pública, de toma de coñecemento dos contornos afectados por eses proxectos, para explicarlles minuciosamente en que consistía. Iso era o que estaba previsto facer, e quere aproveitar ademais para dicirlles que, a pesar de que el non compite na carreira electoral, e non ten ningún interese nin en gañar nin en perder votos nos comicios do próximo día 22, van desenvolver no contorno de Pígara, cos comerciantes e coas comunidades de veciños, un traballo de explicación de en que consiste o proxecto. Van facelo porque xa tiñan previsto facelo.

Di que o que lles sorprendeu é como apareceu de súpeto na prensa, sen que ao concello chegara ningún tipo de comunicación, nin por correo electrónico, nin en persoa, nin por chamadas telefónicas, non chegou absolutamente nada. Viron que comezaba a aparecer na prensa a partir de que o PP tivo reunións, moi lexítimas, na súa precampaña electoral, cos veciños e cos comerciantes do barrio para falar da situación da zona. É cando comeza a saír na prensa a alarma e a preocupación por todos estes asuntos. Parécelle moi ben, pero eles xa tiñan previsto facer ese traballo, e van facelo.

O PP di que moi poucas cousas foron consultadas coa oposición, e se iso é certo, este asunto foi a excepción, porque hai un ano xa se puxo en coñecemento de todos os grupos o proxecto, non o boceto, non o anteprojecto ou as ideas básicas, senón o proxecto que lles entrega a consultora que fixo a redacción. Polo tanto, di que hai cousas que resultan un tanto incomprensibles.

Tamén fan referencia a un pleno que tivo lugar, cre que foi no verán do ano 2008, antes da metade da lexislatura, e entresacan frases que el dixo, que figuran nas actas, pero que sacan fóra de contexto. Efectivamente el falou de que había que ir conseguindo cinco prazas ou quince, aquí e alá, aproveitando esquinas, recunchos, pero pide que lean todo o parágrafo, porque el tamén dixo que iso había que facelo, pero que non era a solución do problema de aparcamento en todo o Temple e, dende logo, no centro do Graxal, iso tamén figura na acta e hai que lelo todo.

Di que estas cousas hai que facelas, hai que procurar acadar as prazas que se poidan dentro dos espazos que hai agora, que el cre que todos saben que non son moitos, e, en todo caso, a solución ao problema do tránsito, do aparcamento naquel barrio, non pasa tampouco por iso que el mesmo dixo, de conseguir 5 ou 15 prazas aquí e alá.

En todo caso, se van ao número, xa lles explicou pola mañá que os redactores do proxecto, sen mala fe, e aí hai un erro del por non comprobalo, presentan un primeiro plano no que explican a situación actual das prazas de aparcamento e dan un número, ese número está mal. A Policía local fixo un informe sobre cal é a realidade actual das prazas de alí, e son menos das que os proxectistas poñen como prazas actuais que están

en funcionamento. É igual, é un matiz dun número pequeno, están falando que non son 126, que son 121 as que agora mesmo hai legais, outra cousa é o aparcamento en dobre fila, ou aproveitar unha esquina, esas cousas que están ocorrendo alí. Facendo a suma, do que están falando non é das máis de 30 prazas de aparcamento que viu que sairon anunciadas por aí, nin sequera das 21 das que se fala na moción do PP, son exactamente 15 prazas menos.

Pero paralelo a todo ese proceso, naquela reunión do 1 de novembro do ano 2009, explicáronlle ás asociacións e tamén o teñen comentado en máis dunha ocasión en sesións desta corporación, que sendo conscientes de que había un problema de perda de prazas de aparcamento ao facer a intervención na rúa Pígara e Padre Feijoo, sen olvidar que nesta última rúa non se perde ningunha praza, senón que se gaña unha, o problema é na zona de Pígara, á vista disto, sacaron unha alternativa. Di que teñen unha memoria que lles ensinou pola mañá, á que hai que buscarlle dotación orzamentaria, que tampouco é moita, son 93.000 euros, para conseguir 30 prazas de aparcamento no lateral do colexio, sobre a N-VI, na entrada da rúa Pígara. É un dos proxectos que estaba para meter no Arume pero que houbo que descartar porque o financiamento non chegaba para todo.

Di que el lles deixa un recado aos que van gobernar aquí, que supón que algún dos que están presentes o van facer dentro dun par de meses, as licitacións dos proxectos que quedan do Arume, entre eles os que corresponden ao plan de humanización do Temple van ter baixas, esas baixas poden reinvestirse en novos proxectos da humanización do Temple, e aí teñen un, xa lles queda feito, 93.000 euros e 30 prazas de aparcamento, no lateral da N-VI, xunto á vía de servizo que queda enriba do colexio. Son 30 prazas contra 15 que se perden, no comezo da rúa.

Tampouco esa é a solución aos problemas de aparcamento no barrio, tampouco se van enganar, pero el cre que indica que houbo unha preocupación dende o goberno municipal para que os problemas que solucionan non creen outros novos, ou polo menos que os que se crean, que os palíen dalgunha maneira.

Segue a dicir que lles solicitan na moción, no primeiro punto, que se retire o proxecto e que se modifique. El cre que o papel pode con todo, pero os Sres. concelleiros saben que é un proxecto que está aprobado, un proxecto que ten as autorizacións sectoriais pertinentes, un proxecto que está adxudicado por procedemento aberto, e que pasou pola mesa de contratación na que están presentes todos os grupos municipais da corporación, tamén o PP, non só o goberno. El cre que sería unha irresponsabilidade, e así llelo comentou pola mañá, que un goberno que case está entrando en funcións, inicie unha tramitación que non vai poder continuar. Ademais, é moi fácil de solucionar este problema, porque xa lles dixo que está licitado, pero legalmente hai oito meses, dende o momento da sinatura do contrato, para que o concello, que é quen contrata á empresa, lle permita iniciar as obras. O normal é que lle obrigue inmediatamente, pero podería haber un tempo de 8 meses de dilación. Di que se van a asegurar, ademais porque falta un último trámite, unha autorización sectorial de Augas de Galicia, de que as obras non



comecen ata que haxa unha nova corporación, ata pasadas as eleccións. En todo caso, cando comecen as obras, debe terse en conta que é unha obra fundamentalmente hidráulica, aínda que os problemas que máis alarma crean son os da configuración en superficie, pero van comezar augas abaixo, é dicir, dende a rúa, o tramo de Padre Feijoo, rúa Constitución, ata continuar por Pígara, polo tanto, hai moito tempo, hai moitos meses, para que sexa o novo goberno, co consenso dos grupos municipais que formen tanto o goberno como a nova oposición, o que conforme un criterio para modificar no que sexa legalmente posible e politicamente se vexa necesario proxecto da rúa Pígara, iso coa opinión que xa lles van deixar recollida de veciños e comerciantes.

Di que ese é un traballo que ás alturas nas que están, deixan encomendado ao novo alcalde, ao novo goberno e á nova corporación, e non vai haber ningún problema, porque o que non se vai a tomar agora é ningunha decisión que deixe bloqueada a capacidade de modificación que poida ter a próxima corporación.

El, de todas as maneiras, se ten oportunidade, porque tampouco se quere estender demasiado, gustaríalle defender o actual proxecto, aínda que tamén se poida matizar, porque as cousas non son todas brancas ou negras, hai os seus grises e pódense matizar. En todo caso que sexa a nova corporación a que o faga, pero despois de que todos teñan a información e de que todos vexan o que se gana e o que se perde coas decisións que se toman.

Continúa dicindo que na moción hai unha segunda petición, coa que están absolutamente de acordo, é máis, son accións que tamén estaban previstas, como xa se fixo cando acometeron as obras do FEESL do pasado ano, cando se actuou no corazón do Graxal e, efectivamente, houbo molestias, pero se respectaron os prazos dunha maneira bastante estricta, e se acometeron plans de obra e circulación que aminoraron esas molestias bastante. As obras están todas acabadas, as molestias que houbo para a cidadanía que as tivo que soportar foron menores, e fíxose bastante esforzo. Pois ben, di que xunto a esas obras prepararon un aparcadoiro alternativo do outro lado da Tapia, din na moción que de zahorra, como se fora un termo despectivo, pero era un aparcadoiro provisional e non se ían gastar 1 millón de euros nun asfaltado aglomerado en quente naquela superficie. Tamén di o PP que está infrautilizado, ben, se o está, dende o goberno el non ve ao Sr. alcalde cunha pistola, ou mandando á Policía, para obrigar á xente a aparcarse alí, o importante é que hai un aparcadoiro que está a 1, 2 ou 3 minutos de calquera punto da zona do Temple ou da zona do Graxal, e a xente o utilizará se o quere utilizar, pero alí está.

Tamén tiñan pensado, e por iso lles parece ben ese segundo punto que lles propoñen na moción, dirixirse aos propietarios das parcelas que están na rúa Álvaro Cunqueiro, para ver se é posible que se utilice aquilo como aparcadoiro provisional durante as obras. Por suposto están de acordo, e iniciarán esa tramitación e supón que o próximo goberno fará o mesmo.

Respecto de que se inclúa isto no Regulamento de participación cidadá, van debatelos, van facer outro pleno porque non deu tempo a preparar os informes xurídicos por parte da Secretaría Xeral, e aínda que cre que isto xa está recollido máis ou menos, pensa que non habería ningún inconveniente.

Polo tanto, hai cousas nas que están de acordo, pero querían matizar outras. O número de prazas de aparcamento que se perden son 15, pero hai un plan alternativo, que hai que xestionar, para dotar de 30 novas prazas aquela zona. Pódese matizar o proxecto, hai cuestións sobre o tratamento en superficie que son matizables, como así faláron pola mañá e cre que iso haberá que facelo despois dese trámite de consultas coa xente.

Di que non van dar comezo ás obras, nin a tomar decisións que condicionen decisións posteriores que queira tomar o próximo goberno municipal neste período. Ese é un compromiso. E, por último, o que xa tiñan previsto, pero que por diferentes motivos non fixeron, entre outros, esqueceu dicilo antes, porque se iniciou o período electoral e tampouco querían turbar o proceso electoral con ese tipo de cuestións, é o asunto da información e a participación da xente. Di que ese traballo van facelo igual, que non se preocupen, é un compromiso persoal e van a desenvolverlo nas vindeiras semanas, de aquí ás eleccións, co único obxectivo de que a xente coñeza perfectamente cal é o proxecto, en que consiste, e que logo manifeste a súa opinión sobre el, e que a recollan os representantes políticos que saian electos nas vindeiras eleccións.

Concedida a palabra a don Luis Miguel Taibo Casás, voceiro de EU-IU, manifesta que eles, respecto da moción presentada polo PP, van manifestar a súa abstención, tendo en conta que o seu grupo presenta outra iniciativa, nun rogo, que fala máis concretamente das necesidades derivadas desta actuación.

Concedida a palabra a don Manuel Marante Gómez, voceiro do GM (PG), manifesta que o seu grupo tamén se vai abster, non porque non estean de acordo en varios dos temas que aquí se traen, senón porque tamén hai algunhas cousas coas cales non están de acordo. Polo tanto vanse abster.

Concedida a palabra a dona M<sup>a</sup> Beatriz Ramos Padín, concelleira non adscrita, manifesta que non está de acordo con algunhas das cousas que se conteñen na exposición de motivos que fai o PP, porque din que nunca se tivo en conta, en ningunha obra municipal, a opinión dos veciños e que non se informou, e niso están moi equivocados. Di que cando foron as actuacións na Tapia e na rúa Otero Pedraio si houbo información aos veciños, de feito na Tapia están recollidas suxestións que fixeron os veciños e comerciantes. Na rúa Otero Pedraio debe haber un erro, porque quen está de acordo co cambio de dirección da rúa son precisamente os veciños, que recolleron sinaturas para que quedara como está, en sentido único, porque así se ganaban prazas de aparcamento, e así se evitaba a dobre vía. Di que isto pode confirmalo a concelleira non adscrita aquí presente, que antes estaba no PP.

Continúa dicindo que respecto da petición de que se manteñan as 126 prazas de aparcamento que existen na actualidade, xa explicou o Sr. Iglesias que non son 126, pero tamén se pide que se busquen alternativas para incrementar o seu número, e niso si está de acordo, pero aí hai que marcar unha prioridade, prioridade do peón ou prioridade do vehículo, e o sentir do programa Arume, sobre todo na urbanización do Graxal, é humanizar e, dende logo, non priorizar aos coches aparcados en dobre fila, por riba das beirarrúas, hai que darlle prioridade ao peón. En moitos concellos estase levando a cabo o tema de peonalizar as rúas, e aquí parece que queren darlle prioridade aos vehículos. Ela non está de acordo con iso para nada, para ela o primeiro é o peón e logo o vehículo.

Continúa dicindo que na praza interior da rúa Padre Feijoo, aí si que se habilitou un aparcadoiro, si que se xeraron prazas, é dicir, algunhas desaparecen, pero tamén se están dando alternativas.

Por todo isto, tal e como está formulada a moción, e nese sentido, non a vai apoiar.

Concedida a palabra a don José Antonio Baamonde López, concelleiro non adscrito, manifesta que el non vai apoiar ningunha moción demagóxica nin electoralista nestes momentos, como é a do PP. El pode estar de acordo nalgunhas das cousas que comentan, cre que o mellor sería, despois da explicación do Sr. concelleiro de Obras, deixar esta moción sobre a mesa, incluso non votala. Cre que hai un compromiso por parte de todas as forzas de consensualo con veciños e comerciantes, hai un compromiso de que as obras non van comezar inmediatamente, e ademais, como dicía o primeiro tenente de alcalde, van comezar primeiro pola zona da rúa, incluso existe o seu compromiso de que esta obra vai ser xestionada e comezada xa coa próxima corporación. Di que a quen lle toque terá que consensuala entre todos, e posiblemente, incluso antes de comezar a obra, sería conveniente poder ter xestionadas esas novas 30 prazas de aparcamento xunto o colexio.

Conclúe dicindo que, polo tanto, vaise abster.

Concedida a palabra a dona M<sup>a</sup> Jesús Vieites Mariñas, concelleira non adscrita, manifesta que ela tamén se vai abster, porque si está de acordo co que di o PP de que é necesario renovar a rede de pluviais que discorre dende a N-VI ata a rúa, pero tamén ve que hai un compromiso por parte do Sr. concelleiro de ter informada á xente. Ela cre que os comerciantes tamén deben estar informados, pero facelo un pouco antes das obras, non cando xa se van a executar. Tamén pensa que, por exemplo, as prazas que se ganan no muro que hai xunto á N-VI, onde está o colexio, son unhas prazas insuficientes, porque o problema do Temple todos o coñecen, e é, en principio, o aparcamento. Os comerciantes xa teñen bastantes problemas e as obras, neste momento, tamén sería para eles outro problema.

Concedida a palabra a don Felipe Andreu Barallobre, concelleiro do PP, manifesta que eles van manter a moción porque é un compromiso adquirido cos comerciantes da rúa Pígara e Padre Feijoo, e ademais está avaliada, achegan case 1300 sinaturas de veciños

do Temple, entón pareceríalles bastante irresponsable retirala neste momento, cada un que vote e que despois responda.

Concedida a palabra a don Henrique Xabier Iglesias Oviedo, manifesta que efectivamente esta moción foi acompañada, segundo leu, de 1400 sinaturas. Os servizos municipais as comprobaron, como ten que ser, e son 1228 as que se contabilizaron, das cales persoas censadas en Cambre son 573, e desas son 207 do contorno máis inmediato de Pígara e Padre Feijoo, Celso Emilio Ferreiro e demais. Di que teñen todo o valor do mundo, non é un problema de que sexan 1400 ou 207, pero as sinaturas de persoas empadroadas naquela zona son 207. Iso non lles quita ningún valor e teñen toda a lexitimade, pero son as que hai.

Di que antes de pasar á votación quere explicar algunha cousa que lle parece importante, non ten nada que ver con trámites, nin con participación, pero si que ten que ver co modelo de cidade que os políticos, que son os que os cidadáns escollen para levar adiante as cousas, para crear cidade, para desenvolver e para transformar o sitio onde habitan, deben de facer. Di que ao longo desta lexislatura téñense atopado con que as iniciativas transformadoras en positivo, as iniciativas que teñen que ver coa modernidade, co que se está facendo noutros sitios de Galicia, do Estado, as liñas que están funcionando por Europa adiante, algunhas delas incluso directivas da Unión Europea, encóntranse por sistema coa negativa, simplemente o non polo non. El o que fai é un chamamento á responsabilidade, o que lles pide ás forzas políticas aquí representadas, que van continuar na próxima corporación, é que non se amarren con compromisos negativos ou negativistas sobre estes proxectos, porque el cre que non vale de nada representar á cidadanía dun concello como Cambre, ou de calquera outro, simplemente para estar aquí sentados, pero sen transformar a realidade en positivo.

Di que o barrio do Graxal todos saben como se fixo, el cre que nesa discusión todos chegarían á mesma conclusión, está feito sen planeamento, sen orde, sen pensar nos equipamentos necesarios, non só nos de circulación ou accesibilidade, senón tamén nos equipamentos necesarios para a xente que ía vivir alí. Pero a responsabilidade dos que forman parte dunha corporación, dos que gobernan, e tamén dos da oposición é solucionar os problemas que hai en positivo, non recrearse no mal que se fixeron as cousas, no mal que están, senón afrontar os retos, porque aquilo ten solución, e rúas que neste momento teñen un aspecto degradado, que teñen beirarrúas onde non se poden cruzar dous carritos con bebés, ou unha cadeira de rodas con outra, hai que darlles unha solución, e é posible. Rúas que non teñen nin un só espazo onde unha familia, unha persoa maior, unha nai ou un pai cuns nenos poidan botar media hora sentados e descansando, mentres agardan polo que sexa, mentres perden o tempo ou ven pasar unha tarde, poden chegar a telo.

Di que para iso hai que tomar decisións, hai que ser valentes, e tamén hai que convencer á xente, e iso, efectivamente, pode dar lugar a que se impidan determinadas dobres filas, a que se impida invadir as beirarrúas, a que se impida que os vehículos, cando aparcan en batería, por exemplo, no lado esquerdo baixando, invadan a metade da

beirarrúa unha vez que as rodas topan co beiril, e para todo iso hai que tomar decisións, e ademais as decisións hai que tomalas non só polo que acaba de dicir, hai que tomalas porque a propia lei que está en vigor, a Lei de accesibilidade de Galicia así o di. Hai que cumprir a lei, e ese é un chamamento que fai.

Son proxectos bos, que ademais eran de coñecemento da corporación, e que poden ser matizables, iso non o discute, porque probablemente se poidan facer pequenas modificacións e se cadra gañan unha praza ou dúas, ou ningunha, ou igual perden máis, pero que se poden matizar, e a el daríalle moita mágoa que se perda a filosofía de converter rúas degradadas, mal pensadas, pero nas que vive moita xente, en sitios habitables, en sitios ademais que economicamente van funcionar ben, como están funcionando en todas partes cando se peonalizan rúas, e iso que este non é o caso, aquí non se peonaliza ningunha rúa, gáñase un pouco máis de espazo para as persoas e redúcese un pouquiño o espazo para os vehículos, pero non se peonaliza. Iso é valor económico para as vivendas, para os negocios e para os comercios, é moito mellor aspecto, é un lugar moito máis agradable de vivir, e iso, como dicía antes a compañeira, é a esencia, e aí cre que estaban todos de acordo, do proxecto de humanización daquela zona, que ten máis rúas, que non son só Pígara e Padre Feijoo, que ten máis compoñentes.

Conclúe dicindo que, nese sentido, non poden apoiar a moción e pide unha vez máis que a retiren, cre que non é o momento de propoñer este debate, quedan ditos os compromisos que teñen, pero el pídelles a todos que manteñan a esencia, polo menos, dos proxectos de mellora e de transformación deste barrio para o futuro, porque el cre que iso é o único que sería bo, rendible e que daría unha boa memoria do paso de todos, dos que están agora, pero tamén dos que van a estar despois.

Concedida a palabra a don Felipe Andreu Barallobre manifesta que lle gustaría que o primeiro tenente de alcalde de Cambre explicase para que utiliza o censo municipal. Pregunta se o utiliza para comprobar quen protesta polas súas actuacións, fai algunha lista negra da xente que presenta sinaturas contra os seus proxectos, ou algo, porque se vai mirando unha a unha as persoas que asinan, e sabe que 573 son do Temple, a el iso preocuparíalle.

Concedida a palabra a don Henrique Xabier Iglesias Oviedo contesta que el non comprobou absolutamente nada, que hai uns funcionarios e hai unha Secretaría Xeral do concello, que é a que custodia o Padrón Municipal de Habitantes, e son os funcionarios do padrón municipal os que comprobaban nos escritos que chegan aquí, co nome, DNI e sinatura, se están empadroados ou non, son datos estatísticos, e son os únicos que el ten. Agarda que o dito polo concelleiro do PP non sexa ningunha acusación velada, porque nin el nin ningún outro concelleiro, que el saiba, teñen acceso de ningún tipo ao Padrón Municipal, que está en poder, exclusivamente, dos funcionarios que teñen ese deber e obrigação de custodia, pídelle que non faga insinuacións. Di que, como comprenderán, un escrito que chega a este concello é normal que se comprobe de onde é a xente que o

pide, é normal, e a efectos estatísticos eses son os que hai, eses son os únicos datos que el ten.

Continúa explicando que tamén lles podería dicir que hai 30 sinaturas duplicadas, pero só ten eses datos estatísticos, non sabe quen foron. Di que pensa que o Sr. Andreu non sabe o que é a función pública, pídlle que teña coidado co que insinúa.

Toma a palabra o Sr. alcalde para manifestar que, unha vez debatido este tema, quere aclarar dúas cousas. Primeiro di que este é un proxecto complexo, que mellora a rede de pluviais, do que están moi necesitados, mellora o saneamento, vaise cambiar a iluminación pública, vaise renovar o que se poida de bancos, papeleiras, etc. Para todo isto é necesario ampliar as beirarrúas, e sente que tivera que botar a unha das persoas asistentes ao pleno, porque non é o seu estilo, pero cre que hai que recoñecer que se hai que sacrificar unha praza por unha seguridade nun barrio, ao mellor hai que facelo. Ese barrio está falto de prazas, pero tamén está falto de beirarrúas de calidade.

Cre que o compromiso que acaba de adquirir o primeiro tenente de alcalde, vaise manter, non se vai iniciar ningunha obra sen antes falar cos presidentes das comunidades de edificios, cos comerciantes, e van valorar o tema, tendo presentes nestas reunións que, ás veces, hai que perder algo para gañar outro, pero dende logo non se vai a facer un proxecto ás escondidas dos veciños da zona. Non se vai facer nada.

Por outro lado di que non poden aprobar a moción que presenta o PP porque vén aquí agora de salvador, cando a el o que lle parece é que xa levan catro anos e non se enteran, porque este proxecto estivo nas súas mans hai un ano, e non votaron en contra nunca, o coñece, e agora que veñen as eleccións din que non, que son os bos. Pregúntalles para que cobran, para que veñen aquí. Ante esas cousas a el cáelle a cara de vergonza, están aproveitando a utilización dunhas obras, que é consciente que todas as obras teñen prexuízos, pero el pensa que hai que pactar e falar cos veciños. Se tiveron o erro de non informar detidamente, aínda están aquí, iso que quede claro. Pide que non digan agora, a vinte días das eleccións, que veñen a salvar o tema, porque eles estaban aquí, estiveron en comisións, tiveron os proxectos nas mans e que agora digan o que din, non pode ser. Ou se está ou non se está.

Dille aos concelleiros do PP que a el estas manifestacións lle doen, porque estiveron na reunión de voceiros e o que parece é que aquí veñen a figurar e non ven os proxectos que estiveron aí, que os tiveron os servizos xurídicos, que tiveron os técnicos municipais. Pode haber erros, pero que hai que velo entre todos, cando se fale cos veciños ao mellor poderanse ver máis cousas, pero é algo que hai que cambiar, hai que levar a cabo esas actuacións para mellorar a calidade de vida.

Sometido o asunto a votación ordinaria, votan a prol os catro concelleiros presentes do PP, votan en contra os cinco concelleiros do PSdeG-PSOE e os concelleiros non adscritos dona M<sup>a</sup> Beatriz Ramos Padín, don Henrique Xabier Iglesias Oviedo, dona Gumersinda Becerra Montes, don Antón Otero Domínguez, dona Laura Fernández

Martínez e dona Carmen Tato Lago, e abstéñense os dous concelleiros de EU-IU, o concelleiro do GM (PG) e os concelleiros non adscritos don José Antonio Baamonde López e dona M<sup>a</sup> Jesús Vieites Mariñas.

A corporación, por once votos en contra, rexeitou a moción presentada polo grupo municipal do PP respecto das obras de urbanización das rúas Pígara e Padre Feijoo do Graxal.

### **6º Informes da Alcaldía**

De orde do señor presidente, a secretaria da corporación dá conta do seguinte asunto:

- Da Resolución da concelleira delegada da área de Asuntos Sociais, Sanidade, Persoal e Réxime Interior núm. 524 de data 19 de abril de 2011, que consta do seguinte teor literal:

“Primeiro: Aprobar o proxecto de mantemento de servizos sociais comunitarios, así como o proxecto memoria de persoal de servizos sociais, elaborados pola coordinadora de servizos sociais, cun presuposto total de 302.320,91 euros segundo se desglosa a continuación:

<b>CONCEPTO</b>	<b>Nº PROFESIONAIS</b>	<b>ORZAMENTO TOTAL</b>	<b>SUBVENCIÓN SOLICITADA</b>
COORDINADORA SS	1	48.819,52 EUROS	18.061,74 EUROS
TRABALLADORA SOCIAL	3	117.242,27 EUROS	45.037,77 EUROS
EDUCADOR SOCIAL	2	72.542,60 EUROS	30.025,18 EUROS
AUXILIAR ADMTVO	2	45.618,58 EUROS	24.057,14 EUROS
MONITORA 3ª IDADE	1	13.097,94 EUROS	4.208,23 EUROS
MANTEMENTO DE SS COMUNITARIOS	---	5.000,00 EUROS	3.500,00 EUROS
<b>TOTAL</b>	<b>9</b>	<b>302.320,91 EUROS</b>	<b>124.890,06 EUROS</b>

Segundo: Aprobar a realización dos programas básicos e específicos dos servizos sociais comunitarios e os programas de servizos sociais especializados, elaborados polos técnicos do departamento de servizos sociais cun presuposto total de 977.134,71 euros, sendo os programas os que a continuación relaciónanse:

CONCEPTO	ORZAMENTO TOTAL	SUBVENCIÓN SOLICITADA
AXUDA NO FOGAR (Prestación básica)	299.995,56 EUROS	179.995,56 EUROS
AXUDA NO FOGAR (valoradas dependencia)	440.139,15 EUROS	281.240,00 EUROS
ACTIVIDADES DE ENCONTRO E 3ª IDADE	95.000,00 EUROS	38.000,00 EUROS
EMERXENCIA SOCIAL	57.000,00 EUROS	35.000,00 EUROS
XANTAR SOBRE RODAS	55.000,00 EUROS	30.000,00 EUROS
PROGRAMA EDUCACIÓN FAMILIAR	9.000,00 EUROS	5.000,00 EUROS
ACTVS DE LECER PARA PERSOAS CON DISCAPACIDADE	21.000,00 EUROS	14.700,00 EUROS
REMANETE INCORPORADO DO 2010 PARA SAF (valoradas dependencia)	---	20.080,29
<b>TOTAL</b>	<b>977.134,71 EUROS</b>	<b>604.015,85 EUROS</b>

Terceiro: Facer constar que se continúan prestando os servizos nas mesmas condicións que o ano anterior

Cuarto: Dese conta ao Pleno da Corporación Local na próxima sesión que teña lugar, da presente resolución, isto de conformidade co establecido no artigo 11 punto 1, a) das bases que rexen a convocatoria, in fine.”

## **7º Rogos e preguntas**

### **Rogos do PP presentados por escrito**

Rexistrados de entrada ao núm. 6946 o día 25 de abril de 2011.

1º No pleno do mes pasado o noso grupo preguntou polo estudo que se estaba levando a cabo sobre o estado das marquesiñas do concello, pasado un mes sen recibir o dito estudo, rogamos ao equipo de goberno nos informe de cando ten pensado reparar as ditas marquesiñas.

Dona Mª Jesús González Roel, voceira do PP, fai constar que xa o concelleiro encargado desta materia lles fixo entrega dunha copia do estudo.

2º En maio de 2008, o pleno desta corporación aprobou por unanimidade unha moción sobre a tala de árbores no Concello de Cambre. Pasados tres anos, rogamos ao equipo de goberno nos informe das medidas que realizaron para evitar a destrución do contorno paisaxístico de Cambre.

Don Henrique Xabier Iglesias Oviedo contesta que esta moción fora un debate que tivera lugar no mes de maio do ano 2008, na anterior etapa de goberno, e fora un refundido entre unha moción que presentara o PP e unha moción que presentara tamén o BNG naquel momento sobre estes asuntos, de feito nos 12 ou 13 puntos hai moitas repeticións, porque se fixo unha mestura no propio pleno moi rapidamente.



Di que dende goberno actual non lles pode contestar por que algunhas das cuestións que se quedaron en facer naquel momento non se fixeron, como era o tema dos expedientes, das denuncias, do seguimento. Publicouse aquel bando, e efectivamente están tamén pasadas as instrucións para preservar, dende o punto de vista da cualificación urbanística, determinados terreos mediante ordenanza. Di que o Plan Xeral ten que incluír esas ordenanzas e esas instrucións están pasadas á empresa redactora. Vaise iniciar agora todo o proceso, co documento de inicio e é misión da próxima corporación, tanto do goberno como da oposición, e tamén da cidadanía, que estean atentos para persoarse nos procedementos de exposición pública que vai haber para que se contemplan todas esas cousas.

Dona M<sup>a</sup> Jesús González Roel, voceira do PP, manifesta que, entón, á parte do que se poida incluír no Plan Xeral, non se fixo absolutamente nada dende o 2008. Foron 12 puntos os que se aprobaran e non fixeron absolutamente nada.

Don Henrique Xabier Iglesias Oviedo responde que dixo o que dixo, e que a Sra. concelleira sabe que a persoa que asumiu a responsabilidade no goberno naquel momento, xa non forma parte da corporación, polo que a el resúltalle complicado preguntarlle por que compromisos que quedou en facer en prazos inmediatos á aprobación da moción non os cumpriu naquel momento. A partir do ano 2009, coa contratación do Plan Xeral, pasáronse as instrucións correspondentes para que todas estas cousas quedaran reflectidas e dentro do posible legalmente non se volvan repetir, e iso é o que está feito, e naquel momento o que se fixo, naquel verán, foi un bando de Alcaldía que se distribuiu por todas as zonas do concello.

3º Rogamos ao equipo de goberno nos informe de cando ten previsto instalar o parque infantil na parroquia de Sigrás.

Don José Francisco Parceró Rial contesta que este tema xa está no departamento de Contratación e agarda que nuns días xa estea instalado.

Dona M<sup>a</sup> Jesús González Roel, voceira do PP, manifesta que agarda que sexa nuns días, porque uns días xa ía ser hai uns meses, agarda que agora sexa verdade.

### **Rogos de EU-IU presentados por escrito**

Rexistrados de entrada ao núm. 6945 o día 25 de abril de 2011, xunto coas preguntas para este pleno.

1º Un dos efectos máis evidentes do problema do Graxal é o do tráfico, e máis concretamente o das prazas de aparcamento, dado que a demanda delas é amplamente superior á actual oferta, así a maioría das edificacións, concebíronse para aproveitar ao máximo o espazo dispoñible, e non se previron espazos de aparcamento ao aire libre e apenas prazas de garaxe nas propias construcións.

O resultado son rúas sobreesaturadas de vehículos, cunha grave carencia de lugares para estacionamento dos residentes e para as persoas que diariamente acuden a facer as súas compras aos establecementos da zona. Este non é un problema illado no Graxal, é un problema de moito tempo que estará presente en calquera actuación que se faga, considerando o noso grupo que é unha obriga do goberno local buscar solucións intermedias que prexudiquen o menos posible ao conxunto dos veciños/as.

Por isto, o noso grupo prega ao goberno que antes de executar ningún proxecto na rúa Pígara e Padre Feijoo, manteña as xuntanzas precisas con veciños/as e empresarios da zona, escoitando as súas demandas, co fin de dar solución ao problema.

Don Henrique Xabier Iglesias Oviedo manifesta que el pensa que isto está contestado co debate que tiveron antes. Están totalmente de acordo, tñano previsto, pero tamén o aceptan como petición, o compromiso é manter esas reunións para explicar o proxecto.

Don Luis Miguel Taibo Casás, voceiro do EU-IU, manifesta que el cre que o sistema ten que ser este, á marxe de que sexa a próxima corporación a que decida que tipo de actuacións se van facer alí, pero cre que falar, consensuar e o diálogo entre os afectados e o propio grupo de goberno, é o fundamental nestes casos. O que lamenta é que se chegara a este extremo, nalgún caso producido pola situación na que están de tempos preelectorais.

En todo caso agradece que teñan esa disposición de falar cos afectados da zona Padre Feijoo e rúa Pígara.

2º A falta de menos de catro meses para as festas de Santa María en Cambre, pregamos se nos informe se existe a programación das ditas festas así como o cartel do Rock in Cambre.

Dona Erundina Prado Arcay contesta que nestes momentos está en contratación o festival de rock, para contratar a produción e a parte artística, termina o prazo de presentación de ofertas o día 5 de maio, así como tamén está en contratación a instalación e explotación dun posto de bebidas e comidas, finalizando o prazo o día 9 de maio.

Respecto do cartel do festival de rock, loxicamente, neste momento, mentres non estea contratada a programación artística, e mentres non estea a selección dos grupos de Cambre que van actuar de abreconcertos, non está feito. Imaxína que de primeiros a mediados de xuño, como sempre, quedará todo finalizado.

En canto ás festas non están en contratación, pero subirán en 8 ou 15 días, a finais de maio queda todo contratado.

3º Nalgúns lugares do concello existen problemas coa entrega no servizo de correos. Ante as protestas dos veciños/as afectados, os responsables da empresa manifestan que

as rúas non están debidamente sinalizadas co seu nome. Sirva como exemplo a travesía da Coutelana.

Por isto pregamos se realice unha sinalización correcta do mencionado lugar.

Don Henrique Xabier Iglesias Oviedo sinala que este tema xa llo comentaron hai dúas semanas aproximadamente, e xa deu instrucións para que se fixera. Di que lle sorprende ver a pregunta porque el pensaba que xa estaba o traballo feito, supón que estarán encargados e estarán a punto de ser instalados.

### **Preguntas do PP presentadas por escrito**

Rexistradas de entrada ao núm. 6947 o día 25 de abril de 2011.

1ª Durante o desenvolvemento das obras da Casa da Cultura e as obras de remodelación do Campo da Feira, que xestións realizou o equipo de goberno para solucionar o problema das prazas de aparcamento?

O Sr. alcalde contesta que isto xa o falaron, que o terreo da Casa da Cultura é un terreo privado, agora deixan aparcarse pero é unha zona privada. Ao empezar as obras do Campo da Feira, a intención que había, era que se terminara a travesía que vai ao cemiterio. Vai a un ritmo lento, a empresa ten problemas, pero agardan que termine. En todo caso, teñen chegado a un acordo cos empresarios do polígono de Cela para que alí se poida aparcarse. Non queda tan a man, pero polo menos que alí poida haber aparcamento. Iso é o que teñen, porque máis espazo aquí no contorno non hai.

Dona Mª Jesús González Roel, voceira do PP, pregunta se xa teñen algún compromiso por parte dos empresarios do polígono de Cela.

O Sr. alcalde contesta que si.

2ª Cando ten previsto o equipo de goberno iniciar as obras na zona da Xira en Sigrás?

Dona Mª Jesús González Roel, voceira do PP, explica que se refiren ás obras das beirarúas.

Don Henrique Xabier Iglesias Oviedo contesta que el xa ía preguntar a que obras se referían, para saber se se trataba dun proxecto que había para continuar as sendas peonís. Di que o que teñen é a memoria valorada, o que non hai é previsión de inicio das obras porque non hai tampouco dotación orzamentaria. Fixéronse varios trámites cunha memoria, coa consulta a técnicos da Consellería de Política Territorial, que son os titulares da estrada e, polo tanto, son os que teñen que autorizar determinadas excepcións nos límites que hai que poñer alí, porque se trata dunha zona con vivendas e moi estreita. Iso máis ou menos está acordado, agora o que falta é metela en orzamentos municipais, ter dotación financeira para poder levala adiante. Polo tanto, no que queda

de lexislatura non está previsto comezar esas obras.

Dona M<sup>a</sup> Jesús González Roel, voceira do PP, manifesta que ela cre recordar que estas obras estaban metidas nalgún dos plans de axuda do Estado, no FEIL ou no FEESL.

Don Henrique Xabier Iglesias Oviedo contesta que non era así, que non estaba en ningunha delas, o que si houbo naquela zona é algunha intervención en obras de saneamento, que están acabadas, que están feitas, pero non en beirarrúas, en concreto, na zona da Xira. Houbo outras zonas nas que si se fixo algún tramo de beirarrúa, porque era posible, porque a titularidade era municipal, ou porque foi fácil tramitar a cesión polos veciños, ou porque non era necesario tramitar autorizacións sectoriais, como foi na zona de Aián, detrás do Bar Carmucha, onde se aproveitou unha obra para prolongar o saneamento e se fixo alí un pequeno tramo de beirarrúa, ou algún sitio máis, pero en concreto na Xira non houbo nunca. Nin no plan FEIL nin no plan FEESL estivo contemplada esta obra.

3<sup>a</sup> A empresa redactora do Plan Xeral tiña como prazo máximo ata o día 15 de abril de 2011, para presentar o avance de impacto medioambiental ao Concello de Cambre. Presentou xa o dito avance?

O Sr. alcalde contesta que onte recibiron un fax da empresa onde lles din que con motivo de obter diferentes informes da comunidade autónoma e estatais, que se entregará a primeira semana de maio.

### **Preguntas de EU-IU presentadas por escrito**

Rexistradas de entrada ao núm. 6945 o día 25 de abril de 2011, xunto cos rogos para este pleno.

1<sup>a</sup> A protección do medio ambiente debe constituír unha das preocupacións especiais da Administración local, competencia que debe asumir do xeito máis amplo posible.

A agresión que está sufrindo o contorno natural nalgunhas zonas do concello, obríganos a todos/as a facer o máximo esforzo para reducir, e se é posible, recuperar o deteriorado medio ambiental. O concello debe asumir un papel de control derivado de situacións como a producida recentemente nas inmediacións da fraga de Cecebre.

EU-IU considera que actuacións tan negativas como a tala das árbores, unido á progresiva deterioración do conxunto da fraga, evidencian unha vez máis a falta de políticas de control na preservación do noso patrimonio natural.

Ante esta situación o noso grupo pregunta:

Que medidas ten tomado o goberno respecto do problema, e se existe algún expediente aberto por parte da Consellería de Medio Rural ou do propio concello?

Don Henrique Xabier Iglesias Oviedo contesta que están plenamente de acordo co sentido da pregunta. En canto recibiron comunicación por parte de veciños do lugar e de xente da Fundación Wenceslao Fernández Flórez, o primeiro que fixeron foi enviar á Policía municipal para ver que estaban facendo e se contaban cos permisos necesarios. Están falando dunha zona que está cualificada urbanisticamente como rústica, que non é núcleo rural nin urbano e na que, polo tanto, a competencia na autorización de talas forestais é de Medio Rural, e o que se encontraron foi con que tiñan as autorizacións desa consellería precisas para facer esa actuación.

A sorpresa saltou días despois cando comprobaron, tanto dende o concello como dende a propia consellería, que se excederon de maneira ampla sobre o permiso que tiñan concedido. Cre que tiñan autorización para talar 53 carballos, a maior parte pequenos e 4 ou 5 en torno a 40 ou 45 cm. de diámetro, esa era a autorización que tiñan, e realmente o que fixeron foi talar como 160, moitos deles de tamaño superior a 1 metro.

A Consellería de Medio Rural abriu dous expedientes, un por incumprimento da autorización que tiñan concedida, e outro, unha vez que lles abren ese primeiro expediente ante as denuncias que lles estaban chegando, polo incumprimento da orde de paralización dos traballos, porque parece ser que a continuación se puxeron a intentar levantar as cepas que estiveran curtando.

Iso é o que saben, teñen noticias de que a consellería ten eses dous expedientes abertos, que tardarán en torno a 2 ou 3 meses en tramitalos, e por outro lado, e para asegurarse, o Sr. alcalde enviou un escrito á Consellería para que teñan por persoado ao concello no expediente, para que así se lle comunique todos e cada un dos movementos que se dean nese expediente.

O Concello de Cambre agora é parte neses expedientes que ten abertos a Consellería de Medio Rural, e será informado de todos os pasos que se dean.

Don Luis Miguel Taibo Casás, voceiro de EU-IU, manifesta que ten que lamentar que hai aproximadamente un ano o seu grupo presentou unha moción na que, entre outros puntos, consistía nun posible acordo co voluntariado de Cambre para que investisen algo de tempo en tarefas de vixilancia medioambiental, para ver se podían chegar a un acordo dese tipo e, nalgúns casos, evitar estas desfeitas e talas agresivas que está sufrindo o bosque de Cambre.

Don Henrique Xabier Iglesias Oviedo contesta que iso é outra cousa distinta, que o voluntariado, nin medioambiental nin de ningún tipo, pode evitar estas cousas. O primeiro que se fixo neste caso, cando xa se iniciaran os traballos, levaban uns días, pero non estaba todo o dano feito, foi darlle orde á Policía municipal para que foran alí, e atopáronse con que había autorización, o problema é que continuaron os traballos e excedéronse sobre a autorización que tiñan, e logo incumpriron outra orde máis da consellería. Di que iso, como comprenderán, non é responsabilidade nin tiña capacidade

de paralo ningún voluntariado medioambiental. Outra cousa é que fora unha idea boa, el cre que se iniciaron algunhas accións dese tipo en torno ao río Mero o pasado ano, o que haberá que facer é continualas, pero o voluntariado non soluciona esas cousas, é un problema de legalidade e de que a xente ten que actuar en función dos permisos que ten, que non vale facer de todo, o monte hai que respectalo e se tes autorización para unha cousa, tes que facer esa cousa, e non podes facer outra, e que quen as faga que as pague. Di que iso é o que lle esixen á consellería que é a competente, neste caso, e por iso o Sr. alcalde presentou un escrito para persoarse no expediente e que se informe á corporación de Cambre de todo canto acontece aí. Pero iso non o solucionaba o voluntariado medioambiental, que é unha cousa estupenda que eles apoian e seguirán apoiando dende fóra.

2ª Poden informarnos do motivo ou motivos polos cales non se teñen adquirido por parte do concello os terreos na parroquia de Cela, destinados á construción de instalacións socioculturais e de recreo, demandadas polo noso grupo en varias ocasións ao longo da lexislatura?

O Sr. alcalde contesta que este informe o ten a arquitecta municipal. Di que hai problemas entre o concello e a fundación, porque aínda que decidiron comprar eses terreos, que non eran aptos para facer nada de momento, hai unha diferenza considerable entre o prezo que pon a fundación, e o que valora a arquitecta. El agarda que quede arranxado estes días, pero non pode dicir máis ata que se manteñan unhas reunións. Cando decidiron comprar eran conscientes de que ata o Plan Xeral non podían facer nada, entón o seu valor parece que é excesivo. Cando teñan o informe di que llelo pasará.

Don Luis Miguel Taibo Casás, voceiro de EU-IU, sinala que unha vez máis quere amosar a decepción do grupo que representa e a decepción dos veciños de Cela ante a incapacidade deste goberno de non ser capaz durante 4 anos de levar a cabo a compra dos terreos para unha parroquia que segue estando marxinalada, unha parroquia con 500 habitantes e que segue estando marxinalada en relación coas demais parroquias do concello.

O que está dicindo o Sr. alcalde xa o repetiu tres veces ao longo da lexislatura. Hai cre que son 70.000 euros habilitados no orzamento para facelo, e cre que non houbo vontade política para levar a cabo este tema. Cela segue sendo unha parroquia que non ten nin un banco nin un bambán para os rapaces. Pola contra, eles comprobaron que existe máis dilixencia para levar a cabo outras actuacións, por exemplo, hai outra compañeira concelleira que presenta hoxe unha pregunta sobre o cuartel da Garda Civil, onde se empregan 60.000 euros para arranxalo, e para iso si que hai dilixencia, para os terreos de Cela, non. Hai tres días aprobouse aquí un pago a uns concelleiros por unhas minutas duns avogados, e para iso tamén houbo dilixencia, pero non para os terreos de Cela levan moitísimos anos reclamando. Di que eles seguirán insistindo e que, dende logo, este goberno fraco favor lles fixo aos veciños de Cela.

3ª Que xestións ten realizado o goberno ante a Deputación Provincial para acometer a poda selectiva das árbores da estrada da Estación e que motivos impediron levar a cabo tal actuación?

Don Henrique Xabier Iglesias Oviedo contesta que xa o teñen comentado en máis dunha ocasión, dende o concello fixeron os deberes neste tema, mandóuselle por escrito á Deputación Provincial, con rexistro de saída do 23 de novembro, unha solicitude explicándolle o que ocorría, os perigos que había, a cantidade de veces que nos temporais a Policía, Protección Civil, a brigada de obras, tiveron que dedicarse a quitar pólas de aí, e que era absolutamente necesario facer esa poda porque xa non a fixeran o ano anterior.

O mesmo escrito volveron remitírllelo por fax o día 19 de xaneiro, ademais tiveron conversacións telefónicas cos responsables do departamento da Deputación, cos técnicos que levan isto, en varias ocasións. A última vez conseguiron que viñeran e que pediran un orzamento a unha empresa para que fixera esa poda, pero resultoulle excesivo, ao parecer, iso é o que dixeron na Deputación, que lle pediron un novo orzamento con menos traballo, pero que polo menos servira para pasar esta tempada, pero o problema é que a primavera non espera e a estas alturas nin cun orzamento suficiente se pode facer, porque está xa en plena floración.

Cre que todos estarán de acordo en lamentar que a Deputación non cumprira coa súa obriga que é manter un arboredo que lle corresponde a eles, que non lle corresponde ao Concello de Cambre. Iso está enviado por escrito e certificado, está reiterado por fax e está comentado con eles, telefonicamente e en persoa, en multitude de ocasións, e pensa que incluso o Sr. Baamonde o ten comentado alí como deputado provincial.

Non sabe se foi a pasada semana ou a principios desta cando faloron de novo con eles, pero dada a época na que están xa é imposible acometer ese traballo. El cre que estaría ben dirixirse á Deputación lamentando a pouca dilixencia que tiveron nesta historia, e non é porque non se lles avisara.

Don Luis Miguel Taibo Casás, voceiro de EU-IU, manifesta que el coincide en enviarlle un escrito á Deputación dicindo iso, que con Cambre non se cumpriu. Tamén el tivo ocasión de falar cun responsable, que lle facilitou o Sr. Baamonde, e tamén lle dixo que ía mandar a unha técnica, a unha perito para facer unha valoración da poda, pero o tempo foi pasando e agora xa non é o momento para efectuar esa poda selectiva.

Conclúe dicindo que o que si agradecería é que o Sr. Iglesias lle facilitara os escritos que enviou o concello á Deputación.

Don José Antonio Baamonde López, concelleiro non adscrito, manifesta que, como deputado provincial, quere confirmar que é certo o que dixo o primeiro tenente de alcalde, que os escritos están alí, que se solicitou varias veces, e que foi un pouco por desidia do goberno da Deputación. Tamén é certo que o Sr. Taibo lle reiterou en varias

ocasións esta petición, e el persoalmente o pediu varias veces, e incluso unha vez puxo ao concelleiro de EU-IU en contacto telefónico co enxeñeiro que leva a zona de Cambre.

O último que sabe, xa que o chamaron o luns, é que a semana que vén, aínda que está fóra da tempada de poda, van mandar un camión e van curtar, unica e exclusivamente, as pólas que están tocando os tellados, as máis perigosas. Di que iso é o último que sabe desta mesma semana, pero que si é certo o que dixo o Sr. Iglesias de que houbo varias peticións do Concello de Cambre e tamén o que dixo o Sr. Taibo.

### **Preguntas de dona M<sup>a</sup> Beatriz Ramos Padín, concelleira non adscrita, presentadas por escrito**

Rexistradas de entrada ao núm. 6948 o día 25 de abril de 2011.

1<sup>a</sup> En que estado se atopa a contratación das festas patronais e o Rock in Cambre?

Dáse por contestada.

2<sup>a</sup> Como se realiza a contratación das actuacións musicais nos centros da 3<sup>a</sup> idade, e se poden facilitar a relación de números de expedientes de contratación das orquestras.

Dona Carmen Tato Lago contesta que en relación co sistema de contratación da actividade música en vivo, con data 2 de xullo de 2010 elaborouse polo departamento de Servizos Sociais de Cambre, unha proposta de contratación da prestación do servizo de actividades sociais que inclúe como lote núm. 1 a contratación da actividade de música en vivo. Con data de 5 de xullo de 2010 apróbbase mediante resolución a incoación do expediente de contratación mediante concurso con procedemento aberto e tramitación urxente cos correspondentes anuncios de licitación no BOP, Perfil de Contratante e no diario 'El Ideal Gallego' no día 15 de xullo de 2010. Por resolución da concelleira delegada de Cultura e Contratación de data 16 de setembro de 2010, adxudicouse provisionalmente a prestación do servizo á empresa Senes Cit, S.L.. Con data 28 de setembro a empresa adxudicataria provisional, e única entidade licitadora, presenta a súa renuncia, incorrendo nun dos supostos de prohibición para contratar, en consecuencia, mediante resolución de data 30 de setembro de 2010, declárase deserto o lote núm. 1 correspondente ao programa de música en vivo.

Continúa dicindo que, ante a ausencia dunha empresa que se encargue de prestar o servizo e ante o inminente comezo da actividade con data 3 de outubro de 2011, o departamento de Servizos Sociais asume a xestión da actividade coa sobrecarga de traballo que iso leva consigo.

Con base no orzamento estimado, máximo son 250 euros por actuación, establécese contacto con diferentes grupos musicais para regularizar unha programación anual da actividade. Unha vez efectuada cada actuación, o grupo musical en cuestión, factura o



servizo ao Concello de Cambre, que se abona mediante domiciliación bancaria.

Conclúe lembrando que isto xa se viña facendo antes de iniciarse a vixente lexislatura, xa se viña facendo con anterioridade. O ano pasado tamén se sacou a contratación e tamén quedou deserto, e pola cantidade de cartos de que se trata, orquestras nunca houbo, sempre se tratou de duos ou tríos.

3ª Recentemente executouse unha obra no cuartel da Garda Civil en Cambre, por un importe de 60.000 euros, cal foi o procedemento de contratación e de que partida orzamentaria se realizou o pago.

Dona Mª Beatriz Ramos Padín engade que hai un mes que solicitou a vista do expediente en Urbanismo e aínda non se lle deu cita.

O Sr. alcalde contesta que se contratou cumprindo coa legalidade, e incluída dentro dos orzamentos que aprobaron no ano 2010. En todo caso, el mesmo mañana o falará porque tanto o departamento de Intervención como de Contratación están ao servizo da Sra. concelleira.

Dona Mª Beatriz Ramos Padín explica que ela solicitou por Rexistro a vista do expediente e non se lle comunicou nada, en todo caso, pregunta polo procedemento utilizado, o Sr. alcalde dixo que se cumprira coa legalidade, pero ela preguntaba polo procedemento.

O Sr. alcalde contesta que o expediente o ten á súa disposición no departamento de Contratación e Intervención.

Dona Mª Beatriz Ramos Padín pregunta cal era a partida orzamentaria.

O Sr. alcalde contesta que estaba no orzamento do 2010, do que ela ten unha copia.

A Sra. Ramos pregunta exactamente en que partida.

O Sr. alcalde di que non lembra exactamente pero que está marcada no orzamento.

A Sra. interventora accidental sinala que cre que na partida 920.622.

E non habendo máis asuntos que tratar, o señor presidente levantou a sesión cando son as vinte e unha horas e cincuenta minutos, do que eu, secretaria, certifico.

O presidente

A secretaria xeral

Antonio Varela Saavedra

Mª Luisa de la Red Ampudia